

FRAGAS DO EUME

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

PSTD FRAGAS DO EUME

A comarca do Eume, vertebrada ao redor das Fragas do Eume -uno dos seis parques naturais de Galicia- persegue un modelo turístico sostible, baseado na natureza e os recursos naturais como elemento nuclear da estratexia.

Ao mesmo tempo, perséguese incrementar os vínculos no territorio como elemento vertebrador do destino, no convencemento de que esta cohesión territorial permitirá o incremento da competitividade e unha mellor resposta aos cambios e retos que depara o futuro.

Como consecuencia do anterior farase especial fincapé nos sistemas de mobilidade sostible e na creación de novos puntos de atracción turística (litoral -lago das Pontes), que permitan ademais prolongar a estancia no destino.

A información comprendida neste documento refírese á memoria presentada á Convocatoria extraordinaria de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos para entidades locais do ano 2021 e poderá ser obxecto de cambio durante a execución do PSTD.



Demarcación territorial



PSTD FRAGAS DO EUME

4 EIXES PRIORITARIOS

TRANSICIÓN VERDE E
SOSTIBLE

EFICIENCIA ENERXÉTICA

TRANSICIÓN DIXITAL

COMPETITIVIDADE

13 ACTUACIÓNS

EJE 1: TRANSICIÓN VERDE E SOSTIBLE

- 1 Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume.
- 2 Creación de roteiros micolóxicos, florísticas, etnográficas e similares.
- 3 Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume
- 4 Creación dun área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas

E1.A1. XESTIÓN DE FLUXOS TURÍSTICOS EN ZONAS DE ALTA AFLUENCIA: FRAGAS DO EUME

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

O parque natural Fragas do Eume, do mesmo xeito que o resto dos espazos naturais protexidos, converteuse nun dos máximos expoñentes de protección ambiental. Aínda que o seu obxectivo principal foi sempre a propia conservación do espazo, este obxectivo veu acompañado do uso e goce da súa riqueza natural por parte da sociedade.

Nun espazo natural como Fragas do Eume, pendente, polo momento, do plan reitor de usos e xestión do parque, unha correcta xestión do seu uso público, pasa sen ningunha dúbida pola regulación do acceso ao mesmo; e para iso é imprescindible coñecer o número de persoas que en tempo real acceden ao parque.

A actuación supón a instalación de contadores mecánicos para espazos exteriores, nas principais entradas ao mesmo: Ombre, en Pontedeume e A Capela, a obtención en tempo real da información, así como, a realización de análises máis complexas da información obtida.

E1.A1. XESTIÓN DE FLUXOS TURÍSTICOS EN ZONAS DE ALTA AFLUENCIA: FRAGAS DO EUME

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Diseñar modelos de uso público de espazos naturais protexidos que permitan compatibilizar a conservación do parque natural Fragas do Eume, cun uso turístico responsable e sostible, que favoreza a dinamización turística local.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

25.000 €

E1.A2. CREACIÓN DE ROTEIROS MICOLÓXICOS, FLORÍSTICAS, ETNOGRÁFICAS E SIMILARES

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Esta actuación consiste na posta en valor de servizos ecosistémicos, tanto no parque natural Fragas do Eume, como noutros espazos naturais da comarca, mediante a creación de roteiros que aproveiten os seus recursos naturais -micolóxicos, florísticos, etc.- de especial interese, situados en espazos públicos, veciñais, espazos protexidos ou similares; co fin de promover o aproveitamento equilibrado do uso turístico dos devanditos espazos.

Nos casos nos que se trate de recursos naturais singulares especialmente sensibles e/o nos casos nos que sexa preciso incrementar a seguridade dos usuarios do roteiro, as visitas contarán con servizos turísticos que posibilitarán a participación do sector turístico privado na actuación.

Paralelamente, xerarase información que poida contribuír a que a poboación local e os visitantes comprendan, tanto os beneficios da conservación destes ecosistemas, como os custos económicos da súa degradación e perda.

E1.A2. CREACIÓN DE ROTEIROS MICOLÓXICOS, FLORÍSTICAS, ETNOGRÁFICAS E SIMILARES

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Xerar un tipo de turismo asociado á natureza que achegue beneficios económicos e contribúa á protección e recuperación do espazo natural.
- Creación de oferta turística diversificada, redución da estacionalidade e mellora da imaxe.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

30.000 €

E1.A3. IMPLANTACIÓN DE LANZADEIRA ELÉCTRICA, APARCADOIRO DISUASORIO E MELLORAS DE MOVILIDADE NO PN FRAGAS DO EUME

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A actuación forma parte de proceso de descarbonización do destino turístico e de adaptación ao cambio climático, consistente na implantación de vehículos eléctricos no transporte público, instalación de puntos de carga, a creación de aparcamentos disuasorios ou outras melloras de mobilidade no PN Fragas do Eume.

Concretamente trátase da implantación unha lanzadeira eléctrica entre a oficina do portal de entrada ao parque natural Fragas do Eume pola Capela e as inmediacións do principal recurso turístico cultural do parque, o mosteiro de Caaveiro que polo tanto, concentra o maior fluxo de visitantes do espazo natural. Así como, a adecuación do trazado, a adecuación dun aparcamento disuasorio, e a instalación dun punto de recarga eléctrico situado na mencionada oficina do portal.

E1.A3. IMPLANTACIÓN DE LANZADEIRA ELÉCTRICA, APARCADOIRO DISUASORIO E MELLORAS DE MOVILIDADE NO PN FRAGAS DO EUME

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Entre os obxectivos atópanse deseñar modelos de uso público de espazos naturais protexidos para compatibilizar a súa conservación cun uso turístico responsable e sostible; mellorar a seguridade do parque.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

220.000€

E3.A4. CREACIÓN DE ÁREA DE SERVICIO DE AUTOCARAVANAS EN CABANAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

O parque español de autocaravanas experimentou nos últimos anos un importante crecemento, aínda que foi nos dous últimos e como consecuencia da situación derivada da Covid-19 cando este crecemento foi máis evidente.

Trátase dunha actuación de mobilidade sostible encamiñada a adaptar o destino ao cambio climático, mediante a creación de áreas de servizo de autocaravanas en lugares estratéxicos (aparcamentos disuasorios), a través do consumo responsable e da súa integración nun plan de mobilidade do destino que favoreza o transporte interno en medios de transporte colectivos e/ou de cero emisións.

Trátase de áreas de servizo que contarán con toma de auga para o enchido do depósito de augas limpas, reixa para o baleirado de augas grises, contedor de augas negras, contedores de recollida selectiva de lixo doméstico, así como zona de estacionamento e pasar a noite. En todo caso, realizarase un tratamento ecolóxico dos residuos.

E3.A4. CREACIÓN DE ÁREA DE SERVICIO DE AUTOCARAVANAS EN CABANAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Reformular o modelo de uso público para que o turismo contribúa a alcanzar os obxectivos do reto demográfico, e ao mesmo tempo sexa respectuoso e compatible cos valores ecolóxicos e ambientais.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

90.000€

EIXE 2: EFICIENCIA ENERXÉTICA

- 5 Creación dun centro BTT no lago das Pontes, adecuación de roteiros para bicicletas, e adquisición de bicicletas eléctricas.

E3.A5. CREACIÓN DUN CENTRO BTT NO LAGO DAS PONTES, ADECUACIÓN ROTEIROS DE CICLOTURISMO, BICICLETAS ELÉCTRICAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A maior mina ao descuberto de España transformouse no maior lago artificial de España. Esta transformación, permitiu que nun recurso industrial déanse as condicións idóneas para a práctica de deportes en contacto coa natureza.

A actuación consiste na creación dun centro BTT Galicia, que formará parte do proxecto autonómico da rede de centros para a práctica con bicicletas todo terreo (BTT) e que posibilita o coñecemento do medio rural e natural a través da práctica da bicicleta de montaña e bicicletas eléctricas.

Estes centros contan cunha rede de roteiros sinalizados con diferentes niveis de dificultade, un punto de acollida para o ciclista, servizo para pequenas reparacións, zona de aparcamento, punto de lavado de bicicletas, duchas, e servizo de alugueiro de bicicletas. A súa explotación realizarase en colaboración co sector privado, en consonancia coas directrices da comunidade autónoma.

E3.A5. CREACIÓN DUN CENTRO BTT NO LAGO DAS PONTES, ADECUACIÓN ROTEIROS DE CICLOTURISMO, BICICLETAS ELÉCTRICAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear equipamentos que conecten o territorio; mellorar a rendibilidade do destino para crear emprego e frear a perda de poboación, dinamizar a oferta turística local, prestando atención á súa fragilidade.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

200.000€

EIXE 3: TRANSICIÓN DIXITAL

- 6 Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas.
- 7 Apoio ao sector turístico privado a través dun "Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo".
- 8 Estudo de zonas sen ou con deficiente conectividade a internet.

E3.A6. CREACIÓN PÁXINA WEB, APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E OUTRAS SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A presente actuación ocúpase do deseño e desenvolvemento dunha páxina web do destino, como centro da súa estratexia en liña; deseño e desenvolvemento de aplicacións; recollida de datos turísticos, e guías interactivas que permitan a planificación de roteiros turísticos, culturais, naturais ou vinculadas a actividades de tempo libre como o sendeirismo e a práctica de BTT; deseño e desenvolvemento de folletos dixitais e outros materiais vinculados á promoción turística como mapas, axendas...

Trátase, por tanto, dunha actuación no ámbito da transición dixital, e máis concretamente relativa a comunicación e acceso de recursos e servizos por parte de turistas, pero tamén por parte de empresas do sector, locais e foráneas.

A información turística non só ocuparase da denominada información en destino, senón tamén estará ao servizo da inspiración, promoción e/ou comercialización turística, previa e posterior á viaxe.

E3.A6. CREACIÓN PÁXINA WEB, APLICACIONES INFORMÁTICAS E OUTRAS SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Facilitar a mellora continua dos procesos incluídos na cadea de valor turística, mediante o uso da tecnoloxía. E, mellorar a dixitalización dos servizos e produtos turísticos do destino.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

70.000€

E3.A7. APOIO AO SECTOR TURÍSTICO PRIVADO "ESPAGO PROFESIONAL DA COMARCA DO EUME PARA O TURISMO"

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A misión do "Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo" é a de apoiar, mediante o uso da tecnoloxía, as actividades que contribúan a mellorar o sector turístico privado da comarca do Eume, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento de empresas e autónomos.

A acción abarca o servizo de asesoramento especializado , así como a recompilación de información e análise sobre: estudos de demanda e oferta, identificación de tendencias, potencialidades, necesidades e casos de éxito, axuda financeira, requisitos legais, ou, mesmo, dispoñibilidade de locais.

A través deste portal facilítase a incorporación dos produtos das empresas turísticas nas diferentes canles de información do destino. O sistema de centraliza a través dun portal web e asesoramento a través de videoconferencia. O servizo inclúe asesoramento para mellorar a dixitalización das empresas turísticas.

E3.A7. APOIO AO SECTOR TURÍSTICO PRIVADO "ESPAGO PROFESIONAL DA COMARCA DO EUME PARA O TURISMO"

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Os obxectivos que pretenden levar a cabo pódense concretar en impulsar a dixitalización das empresas turísticas, a mellora da súa competitividade empresarial e o nacemento de novas iniciativas empresariais.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

65.000 €

E3.A8. ESTUDO DE ZONAS SEN OU CON DEFICIENTE CONECTIVIDADE A INTERNET

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Trátase dunha actuación no ámbito da transición dixital, que non só beneficia ao sector turístico, senón á poboación en xeral.

O turismo é un dos sectores nos que a tecnoloxía dixital tivo un maior impacto, ata o punto que a conectividade condiciona a decisión do turista, pero tamén a competitividade das empresas turísticas. Por iso, o destino turístico debe priorizar as accións para garantir esta conectividade.

A actuación consiste na realización, por parte dunha empresa especializada, dun estudo que permita coñecer as limitacións á conectividade a Internet na Comarca, así como, posibles solucións indicando cal sería a idónea, a razón e o custo aproximado.

E3.A8. ESTUDO DE ZONAS SEN OU CON DEFICIENTE CONECTIVIDADE A INTERNET

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar os destinos turísticos grazas ao investimento en actuacións clave para o aumento da súa competitividade. Incorporar de maneira efectiva a sustentabilidade e a dixitalización na xestión dos recursos, infraestruturas e produtos turísticos dos destinos. Ter unha visión clara da problemática e as solucións posibles a unha problemática clave como a conectividade.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

18.000€

EIXE 4: COMPETITIVIDADE

- 9 Rehabilitación de edificio histórico en Pontedeume para novo uso como albergue.
- 10 Creación dun inventario de recursos turísticos e creación dun manual do investidor para a súa posta en valor.
- 11 Creación dun ente xestor do turismo e accións de sensibilización de residentes e turistas.
- 12 Creación dunha estación náutica e estación BTT no lago das Pontes.
- 13 Promoción e márketing turístico: mellorar o coñecemento e a imaxe do destino

E4.A9. REHABILITACIÓN DE EDIFICIO HISTÓRICO EN PONTEDEUME PARA NOVO USO COMO ALBERGUE

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Rehabilitación dun edificio histórico situado no centro histórico de Pontedeume, en pleno Camiño Inglés, para o seu uso como albergue de peregrinos.

E4.A9. REHABILITACIÓN DE EDIFICIO HISTÓRICO EN PONTEDEUME PARA NOVO USO COMO ALBERGUE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear produtos turísticos que permitan dinamizar a oferta turística baseada no patrimonio cultural, co fin de mellorar a rendibilidade do destino, á vez que se colabora no seu sostemento e conservación.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

300.000 €

E4.A10. CREACIÓN DUN INVENTARIO DE RECURSOS TURÍSTICOS E CREACIÓN DUN MANUAL DO INVESTIDOR

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Trátase dunha actuación desenvolvida no ámbito da competitividade, vinculada á mellora continua da xestión do destino. Concretamente, trátase de recompilar información relativa aos recursos e servizos turísticos da comarca do Eume, con datos que inclúen, polo menos, clasificación, denominación, localización, dirección, fotografías, contacto, descrición e bibliografía existente.

Así mesmo, inclúe a creación dun manual do investidor que promova e facilite a creación de novas actividades, servizos ou produtos turísticos, e que sexa capaz de xerar na comarca nova investimento.

A necesidade de implementar procesos de mellora continua na xestión, determina que tanto o inventario, como o manual do investidor sexan susceptibles de incluír os cambios ou novidades que se produzan co paso do tempo.

E4.A10. CREACIÓN DUN INVENTARIO DE RECURSOS TURÍSTICOS E CREACIÓN DUN MANUAL DO INVESTIDOR

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Dispoñer dunha base de datos turísticas que facilite a toma de decisións, e dun compendio de información que permita emprender reducindo a incerteza. Propiciar a colaboración entre as administracións públicas e o sector privado.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

7.000 €

E4.A11. CREACIÓN DO ENTE XESTOR E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN, HIXIENE E SEGURIDADE

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Trátase dunha actuación desenvolvida no ámbito da competitividade, vinculada ao funcionamento do Ente xestor do destino turístico, á comunicación e sensibilización de residentes e turistas, e a programas e protocolos de seguridade e hixiene.

A execución do plan supón a necesidade de crear equipos de xestión turística que colaboren na súa implementación.

Os municipios da comarca do Eume contan con espazos naturais protexidos polas leis autonómicas, nacionais e por normativa da Unión Europea; a súa explotación turística debe ser respectuosa e compatible cos seus valores ecolóxicos e ambientais, que requiren unha alta especialización técnica nos equipos de xestión.

Os programas e protocolos que en materia de Covid-19 seguiu o sector turístico en Galicia e no estado español, permitiron un turismo seguro, e é preciso continuar nesta senda.

E4.A11. CREACIÓN DO ENTE XESTOR E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN, HIXIENE E SEGURIDADE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Xerar un equipo profesional de xestión para consolidar o funcionamento do destino. Implicar a todos os actores do sistema turístico na protección dos recursos, conservación da biodiversidade e na capacidade de acollida do destino.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

180.000 €

E4.A12. CREACIÓN DUNHA ESTACIÓN NÁUTICA E UNHA ESTACIÓN BTT NO LAGO DAS PONTES

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Trátase dunha actuación desenvolvida no ámbito da competitividade, vinculada á creación de equipamentos de turismo activo.

O lago das Pontes é o lago artificial máis grande de España, e conta cunhas enormes posibilidades para a práctica dos deportes acuáticos. Mesmo, durante os meses de outono, inverno cando os temporais atlánticos e cantábricos frustran a práctica deportiva no mar, o lago das Pontes ofrece a estabilidade necesaria que esixen moitas especialidades deportivas: apnea, bote, canoa, mergullo, esnórquel, kaiak, kaiak-polo, windsurf, kitesurf, natación con aletas, natación en augas abertas, remo, salvamento e socorrismo, submarinismo, triatlón ou vela.

Construirase un hangar para as embarcacións, xunto cun pantalán de espera; e co fin de potenciar a práctica ciclista, crearanse instalacións do centro BTT.

A súa explotación realizarase en colaboración co sector privado, en consonancia coas directrices da comunidade autónoma.

E4.A12. CREACIÓN DUNHA ESTACIÓN NÁUTICA E UNHA ESTACIÓN BTT NO LAGO DAS PONTES

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar a rendibilidade do destino para crear emprego e frear a perda de poboación; dinamizar a oferta turística local; diversificar a oferta e propiciar a colaboración entre as administracións públicas e o sector privado.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

215.000€

E4.A13. PROMOCIÓN E MARKETING TURÍSTICO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Trátase dunha actuación desenvolvida no ámbito da competitividade, vinculada a mellora constante da xestión do destino a través do desenvolvemento dun plan de márketing que promocióne as calidades turísticas do destino.

As accións do plan parten dos oportunos estudos de mercado, que serán os que determinen as estratexias para seguir, e das análises de vendas. Mención especial deben recibir as accións en redes sociais e a análise do posicionamento dixital xa que estes medios teñen un alto nivel de influencia nas decisións dos turistas actuais. A través desta actuación desenvolveranse os contidos on e off line que permitan mellorar a comunicación co turistas e a promoción xeral do destino. O plan desenvolverase tendo presente os seguintes aspectos: sustentabilidade, tecnoloxía, innovación e accesibilidade.

E4.A13. PROMOCIÓN E MARKETING TURÍSTICO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- O obxectivo principal da actuación é mellorar a rendibilidade turística do destino. Con todo, existen outros obxectivos como son impulsar a reputación e aumentar a visibilidade do mesmo.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

80.000€

CADRO RESUMO DE ACTUACIÓNS

Actuacións	Anualidade 2022	Anualidad e2023	Anualidad e2024	Total
Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume	15.000 €	5.000 €	5.000 €	25.000 €
Creación de rutas micolóxicas, florísticas, etnográficas e similares	0 €	15.000 €	15.000 €	30.000 €
Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da rede	0 €	0 €	220.000 €	220.000 €
Creación de área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio	0 €	90.000 €	0 €	90.000 €
Total EIXE 1	15.000 €	110.000 €	240.000 €	365.000 €
Creación dun centro BTT no lago das Pontes, adecuación de rutas para bicicletas, adquisición de bicicletas eléctricas	0 €	80.000 €	120.000 €	200.000 €
Total EIXE 2	0 €	80.000 €	120.000 €	200.000 €
Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas	40.000 €	15.000 €	15.000 €	70.000 €
Apoio ao sector turístico privado a través dun "Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo"	25.000 €	20.000 €	20.000 €	65.000 €
Estudio de zonas sen ou con deficiente conectividade a internet	18.000 €	0 €	0 €	18.000 €
Total EIXE 3	83.000 €	35.000 €	35.000 €	153.000 €
Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue	150.000 €	150.000 €	0 €	300.000 €
Creación dun inventario de recursos turísticos e creación dun manual do inversor para a súa posta en valor	7.000 €	0 €	0 €	7.000 €
Creación dun ente gestor do turismo e accións de sensibilización de residentes e turistas	60.000 €	60.000 €	60.000 €	180.000 €
Creación dunha estación náutica e estación BTT no lago de As Pontes	0 €	100.000 €	115.000 €	215.000 €
Promoción e marketing turístico: mellorar o coñecemento e a imaxe do destino	25.000 €	25.000 €	30.000 €	80.000 €
Total EJE 4	242.000 €	335.000 €	205.000 €	782.000 €
TOTAL PSTD FRAGAS DO EUME	340.000 €	560.000 €	600.000 €	1.500.000 €



FRAGAS DO EUME

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU